

AS RUÍNAS DUN IMPERIO 1266

Fridrikh Ermler, 1929

ESTREA EN NUMAX: 02.04.2024 | V.O.S.G. | 110 min

Un home regresa ao seu fogar en San Petersburgo dez anos despois da Revolución Rusa, tras perder a memoria durante a Primeira Guerra Mundial. Cando a recupera, non entende os cambios que pasaron no país nos últimos anos. Os obreiros axudaranlle a entender que agora, baixo o poder soviético, eles son os donos da fábrica e da súa propia vida.



Moito traballo por facer

Por Mattie Lucas

Se ben a maioría das películas do período mudo soviético están directamente relacionadas coa Revolución e o avance da causa comunista, os filmes de Ermler adoptan un enfoque máis sutil, pero non menos directo, da política, recoñecendo os erros inherentes do sistema e ao mesmo tempo puxando por unhas reformas máis profundas e de xustiza social. Ermler entendeu que a causa do comunismo non remata en 1917 nin coa morte de Lenin en 1924. Parte desta convicción vén da súa propia historia pois, como xudeu, tiña prohibido vivir na Rusia imperial baixo o goberno do Zar. A Revolución de Outubro abriuno a un mundo completamente novo para el e a súa familia.

Dicían as malas linguas que Ermler fora espía e que levaba consigo sempre un arma coa que ameazaba os actores se non acadaban a honestidade emocional que el esixía. Sexa isto certo ou non, a calidade do resultado final en pantalla do seu cinema é innegable. *Fragmentos dun imperio* céntrase na historia de Filimonov (extraordinario Fiodor Nikitin), un soldado que sofre amnesia durante a Primeira Guerra Mundial, e recupera a consciencia nun novo mundo comunista. O problema é que non é quen de se desprender da súa antiga forma de pensar, incapaz de entender a liberdade e os dereitos que agora teñen os traballadores. Perdido sen amos que lle digan o que debe facer e constantemente temendo as repercusións por calquera pequena transgresión, Filimonov fica abraiado polas novas normas de seguridade e protección dos que gozan os seus compañeiros de traballo que terían sido impensables baixo o poder do Zar.

Pero tamén se encontra con pequenos burócratas e ideas antidemocráticos ou como el chama “tristes fragmentos dun imperio”, últimos vestixios dunha forma de vida agora obsoleta. Para Ermler a Revolución non foi un final senón un comezo, un traballo en progreso cara a un futuro mellor. O enfoque de Ermler é máis reflexivo que os de Eisenstein, Pudovkin ou Kulechov. En lugar de rematar o filme nun triunfo, fai que Filimonov rache a cuarta parede e pronuncie a súa última frase ao público: “Temos moito traballo por facer, camaradas!”.

Esta mensaxe é notable nun filme soviético de 1929. *Fragmentos dun imperio* é tan audaz e esixente como o seu director e a actuación de Nikitin (actor de método que pasou tempo con pacientes reais con amnesia para preparar o seu papel) é verdadeiramente excepcional completando unhas das mellores interpretacións do cinema mudo. Especialmente memorable é a escena na que Filimonov chega a Leningrado e ve as novas liberdades adquiridas, coas mulleres vestindo como queren e os traballadores felices. Neste momento de sutil beleza os medos e a confusión pola vida pasada do personaxe esvaécense e emerxe unha ledicia desconcertada. En marcado contraste cos filmes de Eisenstein, cuxas rápidas edición crean unha éxtase entusiasta, Ermler mira cara a dentro, permitindo que os seus actores se transformen en escena. A súa montaxe ten unha función máis impresionista ao suxerir os sentimentos internos dos personaxes en lugar de transmitir as emocións dos eventos representados. Subestimado durante moito tempo polo público occidental e os estudosos do cinema, a restauración de *Fragmentos dun imperio* permitirá o redescubrimento e canonización que sempre mereceu a obra de Ermler.